



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### DECRETO DA ALCALDÍA

**Asunto: ALZAMENTO DA SUSPENSIÓN DA CONTRATACIÓN Nº 2022/C004/000002 CONSECUCENCIA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Nº 210/2023. EXPEDIENTE TEDEC Nº 2022/C004/000002.**

Resultando que por Decreto da alcaldía de data 17 de novembro de 2023, se resolve:

*"(...) PRIMEIRO.-Suspende a tramitación do procedemento de contratación Nº 2022/C004/000002, consecuencia da medida cautelar 77/2023 notificada a esta Administración e procedente do TACGal.*

*SEGUNDO.- Proceder a publicación deste acordo na Plataforma de Contratos do Estado para xeral coñecemento dos licitadores.(...)"*

Considerando a Resolución 210/2023 remitida polo TACGal en data 29 de novembro de 2023 que conclúe:

*"(...)Todo o cal determina, en definitiva, que proceda a estimación do recurso presentado, coa anulación da exclusión do licitador nos lotes impugnados e o seu reintegro ao procedemento de contratación.*

*Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, RESOLVE:*

*1. Estimar o recurso interposto por RURIS LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA SL contra a súa exclusión da licitación dun contrato de limpeza de edificios municipais varios para o Concello de Camariñas, integrado por dous lotes, expediente 2022/C004/000002 dese Concello.*

*2. Levantar a suspensión acordada no seu día.*

*3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.*

*Esta resolución, directamente executiva nos seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."*

Resultando que a resolución remitida é directamente executiva.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente e de conformidade coa executividade da Resolución do TACGal, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.- Alzar a suspensión** da tramitación do procedemento de contratación Nº 2022/C004/000002, consecuencia da Resolución Nº 210/2023 notificada a esta Administración e procedente do TACGal.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

**SEGUNDO.**-Proceder a publicación deste acordo na Plataforma de Contratos do Estado para xeral coñecemento dos licitadores.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CAMARIÑAS, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Sandra Insua Rial*

A secretaria acumulada, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]